

Fundación Repsol recoñece ao CEIP Ponte dos Brozos e ao IES Rafael Dieste como mellores centros Zinkers da área coruñesa

Fundación Repsol deu a coñecer aos dous centros educativos recoñecidos como mellores centros Zinkers na contorna da Coruña. O **CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo** na categoría de primaria e o **IES Rafael Dieste da Coruña** na de secundaria foron seleccionados entre os centros da área coruñesa que participaron na pasada convocatoria dos Premios Zinkers 2024/25. Cada un dos dous galardoados recibirá unha dotación económica de **2.000 euros** para desenvolver un proxecto de innovación educativa no seu centro.

A entrega deste recoñecemento celebrouse esta mañá na sede da Fundación Paideia nun evento no que os grandes protagonistas foron estudantes e docentes. O acto contou coa presenza do concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica da Coruña, **Juan Ignacio Borrego**; a concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación do Concello de Arteixo, **Inés Ramos** e a directora do Complexo Industrial de Repsol na Coruña, **Natalia Barreiro**.

Os programas educativos Zinkers, promovidos por Fundación Repsol, son ferramentas curriculares dixitais gratuítas nas que están rexistrados ao redor de 7.000 centros educativos de Primaria, Secundaria e FP en España, dos que 600 pertencen a Galicia.

Os estudantes participantes cos seus traballos demostraron todo o que aprenderon a través dos programas Zinkers, referentes en contidos curriculares sobre enerxía, cambio climático, desenvolvemento sostible e Axenda 2030. Deste xeito, os alumnos de **6º de Primaria do CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo** xunto ao seu profesor **Adolfo Carabias**, realizaron diferentes actividades durante o curso para promover a sustentabilidade como a creación dun horto urbano para ensinar sobre agricultura sostible; a plantación de árbores en zonas degradadas e a colaboración na limpeza das praias da contorna e a investigación en novas formas de aforrar auga.

Pola súa banda, os alumnos de **3º ESO do IES Rafael Dieste** coa súa profesora **Mónica Reigía** traballaron un proxecto baseado na economía circular e o consumo responsable con diversas iniciativas como a participación na Feira da sustentabilidade, a campaña do black friday no centro, a difusión sobre concienciación a través de medios audiovisuais, RRSS ou web; así como o proxecto de Amor de auga lixeira para o uso e a protección do patrimonio sobre as fontes, que obtivo o premio Imaxina de compromiso social.

Pola tarde, culminará esta xornada, coa celebración da mesa redonda **“Proxectos sostibles de centros educativos da contorna”**, dirixida aos profesionais da educación na que se poñerá en valor os proxectos educativos liderados por centros da contorna da Coruña. No encontro participarán os docentes **Belén López** do CEIP Portofaro, Cambre; **Alba Souto** do IES a Sardiñeira; **Adán Gonçalves** do IES Isidro Parga Pondal, representantes de Primaria, FP e Secundaria, respectivamente. Ademais, intervirá a docente **Delia Outes** do Colexio A nosa Señora do Carmen, centro gañador absoluto da 4ª edición dos Premios Zinkers na categoría de Secundaria.

Os eventos foron presentados polo ilusionista e profesor de Secundaria, **Jorge Luengo** que combinou o entretemento con mensaxes sobre o papel dos docentes na educación.

Premios e Programas educativos Zinkers de Fundación Repsol

O pasado xuño tivo lugar a entrega de **4ª edición dos Premios Zinkers de Fundación Repsol** na que se recoñeceu aos centros educativos de Primaria e Secundaria máis destacados de cada comunidade autónoma en temas de sustentabilidade e cambio climático. Para participar, os centros deben demostrar todo o aprendido durante o ano escolar utilizando os programas Zinkers nas súas clases.

En **Galicia** resultaron gañadores autonómicos o CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón de Salvaterra do Miño, (Pontevedra) en categoría de Primaria. E o **Colexio A nosa Señora do Carmen (Fisterra, A Coruña)**, non só resultou gañador autonómico na categoría de Secundaria, senón que **se alzou co premio a nivel nacional na 4ª Edición de Premios Zinkers**.

Para avaliar as candidaturas recibidas un comité de expertos en educación, pedagogía e sustentabilidade revisou os proxectos e manifestos presentados polos alumnos dos centros. Estes documentos recollen os compromisos, aprendizaxes e plans de acción futura para contribuír a un planeta máis sostible, xerando un impacto global positivo.

O obxectivo dos programas Zinkers é afrontar desafíos futuros con coñecemento e rigor académico, ademais de responder as inquietudes do

s mozos, mellorar a súa contorna, preservar o planeta e preparar aos futuros profesionais para a transición ecolóxica.

Cobren todas as etapas educativas e permiten aos docentes ensinar contidos clave adaptados ao currículo escolar sobre enerxía, cambio climático, mobilidade sostible, economía circular e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Os programas están dispoñibles en castelán, catalán, eúscaro, galego, valenciano e inglés e os contidos foron deseñados por expertos en enerxía e educación, como Chema Lázaro, Javier Espinosa e Juan Núñez.

Ademais, este curso xa se está implementando o programa Zinkers Lectura Fácil que garante que os contidos están ao alcance de todos, atendendo á diversidade da aula e facendo a información máis accesible para persoas con dificultades de comprensión lectora.